




COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 573530 Y 4633370



Estamos diante dun punto de interese xeolóxico chamado A Corga da Fecha pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”. Aínda que este punto non se atopa dentro dos límites do parque natural inclúese nesta guía dada a súa importancia.

O estreito e empinado canón da Corga da Fecha ten un dobre interese. Por un lado, é espectacular, sobre todo na época de choivas, grazas á présa de augas rápidas con numerosas pozas e fervezas escumosas que se poden ver ao lonxe. Pero, ademais, desde o punto de vista xeolóxico é un espléndido miradoiro para observar a configuración dun bloque dos que compoñen o relevo en claves típicas desta rexión.

A Corga da Fecha está formada pola unión de dúas corgas, a de Carballón e a de Curro. Nos seus dous quilómetros descende 500 metros formando unha serie de fervezas e pozas. Algunhas das fervezas alcanzan os 20 metros de altura. Isto indica que é un curso de auga moi recente, pouco evolucionado, que tivo pouco tempo para erosionar o seu val.

Esta corga procede das chairas da serra do Xurés, e ten que descender para desembocar no río Caldo, que está moi encaixado no terreo, xerando un profundo val porque a falla de Lobios continúa neste tramo, por este motivo ten maior facilidade para escavar o terreo. A corga e as súas fervezas xéranse ao ter que baixar a auga ata o fondo deste val.